

SESIÓN: MARTES 2 DE JUNIO, 2020.

L. GALLEGA.

4º DE ED. PRIMARIA

Bos días, nenos e nenas:

O vindeiro venres 5 de xuño, celebrarase o “Día Mundial do Medio Ambiente”. Ao longo desta semana, aprenderemos a respectar e a coidar un pouco máis o noso medio. Lembra, que o curso pasado, xa realizamos no colexio distintas actividades de sensibilización, para coidar o noso planeta: *“Proxecto Reciclasendo”*, *“Saída a praia de Doniños para recoller plásticos”*... Convertémonos nuns detectives verdes! E imos seguir...


Hoxe, imos ler un texto sobre a auga e coñeceremos a súa importancia, nas nosas vidas e como podemos facer un bo uso de ela.

Mollámonos? Ala imos!

Lembra que non tedes que copiar os enunciados das preguntas, só indicar o número da pregunta e a resposta.

“A AUGA: UN TESOURO”





A auga que se utiliza para o consumo humano é un ben escaso e valioso. Aínda que o 70% do planeta está cuberto de auga, só podemos consumir o 3%, xa que o resto é auga salgada de mares e océanos, que non serve para consumo das persoas.


En moitas actividades humanas utilizamos auga: non só para beber, cociñar ou lavar, senón tamén para producir alimentos, papel ou roupa. Por exemplo, para producir o alimento diario dunha persoa cómpren entre 2.000 e 5.000 litros de auga.

No ano 1993, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas decidiu declarar un día interna-

cional para sensibilizar a poboación mundial sobre a importancia da auga potable. Desde entón, todos os anos o 22 de marzo celébrase o Día Mundial da Auga.

Utilizar a auga de forma **racional** é unha obriga de toda a cidadanía, para que as xeracións futuras poidan vivir nun mundo habitable. En todas as cadeas da **subministración** dos alimentos, desde os produtores ata os consumidores, é posible tomar medidas para aforrar auga e asegurar que haxa alimentos para todos.

Cada un de nós podemos contribuír a aforrar moitos litros de auga con pequenos xestos sinxelos e cotiáns.



CONSELLOS PARA AFORRAR AUGA



NO BAÑO

- Pecha a billa mentres enxaboas as mans e cepillas os dentes. Unha billa aberta consome 12 litros de auga por minuto. Podes aforrar ata 24 litros de auga cada vez!
- Dúchate no canto de bañarte. Mantén a ducha aberta só o tempo indispensable. Aforrarás 150 litros de auga cada día!
- Arranxa as billas que goiteen. Podes aforrar ata 30 litros de auga diarios!
- Coloca dúas botellas cheas dentro da cisterna. Aforrarás de 2 a 4 litros de auga cada vez que a utilices!

NA COCIÑA



- Utiliza a lavadora e a lavaloouza só cando estean cheas de todo.
- Lava os alimentos nun recipiente. Despois, reutiliza a auga para regar as plantas.
- Non fregues coa billa aberta. Utiliza unha pouca auga para enxaboar e outra pouca para lavar.



NO XARDÍN

- Rega á tardiña ou pola mañá cedo, para evitar que se evapore a auga.
- Non uses a manguera para limpar patios e terrazas.

racional: razoable, lóxico.

subministración: abastecemento.



CANTA AUGA SE PRECISA PARA PRODUCIR ALIMENTOS?

PRODUTO	CANTIDADE (*)	PRODUTO	CANTIDADE (*)
1 tomate	13 litros	100 g de arroz	140 litros
1 pataca	25 litros	1 zume de laranxa	170 litros
1 rebanda de pan	40 litros	1 vaso de leite	200 litros
1 laranxa	50 litros	1 pizza margarida	1.216 litros
1 mazá	70 litros	1 hamburguesa	2.400 litros
1 kg de patacas	105 litros	1 kg de queixo	5.000 litros
1 ovo	135 litros	1 filete de tenreira	7.000 litros

(*) Auga necesaria para producir alimentos.


DESTREZAS DE ESCRITURA

► Expressa en forma de oracións algunhas das informacións do cadro de produtos e cantidades. Utiliza as formas *é preciso*, *cómpre*, *necesítase* e sigue esta forma:


- Para producir _____, _____ litros de auga.

COMPETENCIA LECTORA

1. Explica o que ocorre en cada escena e que consello darías en cada caso para aforrar auga.



2. Fíxate no gráfico da primeira páxina da lectura e responde:



- Que parte do planeta non está ocupada por auga?

- Que porcentaxe da auga total da terra se pode empregar para o consumo humano?

- Por que non se pode utilizar o resto?

3. Que significa “*facer un uso racional da auga*”?

Marca as accións en que se fai un uso racional deste tipo.

- Poñer a lavalouza e a lavadora ben cheas e non a medio cargar.
- Lavar o coche cunha manguera para que quede ben limpo.
- Reutilizar auga para regar as plantas.
- Ducharse durante bastante tempo para quedar relaxado.

4. A partir da lectura, elabora un plan persoal de aforro de auga.

**O MEU PLAN PARA AFORRAR AUGA
ESTA SEMANA**

- ✓ Que accións vou realizar?
- ✓ En que momento do día o vou facer?
- ✓ Cantos litros de auga aforrarei?

E para rematar, e non esquecernos de cousiñas que traballamos; tedes que buscar no primeiro parágrafo da lectura os seguintes tipos de palabras:



A auga que se utiliza para o consumo humano é un ben escaso e valioso. Aínda que o 70% do planeta está cuberto de auga, só podemos consumir o 3%, xa que o resto é auga salgada de mares e océanos, que non serve para consumo das persoas.

- 5 nomes comúns: _____
- 3 adxectivos: _____
- 3 verbos: _____
- 2 determinantes artigos: _____
- 1 palabra aguda: _____
- 1 palabra llana: _____
- 1 palabra esdrújula: _____
- 1 palabra monosílaba: _____
- 1 palabra bisílaba: _____
- 1 palabra trisílaba: _____
- 1 palabra polisílaba: _____